

CONSOLIDACIÓN

Ficha PLAB Observación de células eucariotas

1.

Epiderme de cebola: As células teñen forma alongada. A membrana celular de celulosa destaca de forma moi clara tinguida polo colorante. Os núcleos son grandes e moi visibles. No citoplasma distínguense algúns vacúolos grandes debilmente coloreados.

Epiderme bucal: A forma celular é redondeada e recoñécese perfectamente o núcleo pola súa cor azul, debido á tinguadura azul de metileno, e a membrana celular.

A diferenza esencial é a forma que lle dá a parede vexetal ás células da cebola.

Non se observan outros orgánulos porque os microscopios ópticos non teñen os aumentos suficientes para poder visualizar estruturas tan pequenas.

2.

Si teñen núcleo porque son eucariotas. As células que carecen de núcleo son as procariotas.

3.

Na epiderme de cebola obsérvanse células eucariotas vexetais, e no epitelio bucal, células eucariotas animais.

4.

A mostra de tecido vexetal está viva e a mostra de tecido animal está constituída por células desprendidas (mortas) que xa non están a formar parte do tecido epitelial bucal.

5.

Contrastar estruturas como núcleos, parede celular e membrana celular (está nas células vexetais, e non se ve por que se atopa pegada á parede celular).

6.

a)

Non necesariamente, xa que nalgúns casos pódense ver moi amazocadas, con moitas capas, con burbullas ou mal tinguidas. Trátase de erros no protocolo que fan máis difícil ou imposible a súa observación. Doutra banda, se non é así, as imaxes son todas moi parecidas.

b)

A erros no protocolo por manipulalas incorrectamente.